

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR.

Curso escolar 2024/2025

**Texto da convocatoria:** [ORDE do 7 de maio de 2024 \(DOG do 20 de maio\)](#)

O IES María Casares participa no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2024/25 polo que o alumnado está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto. Non obstante poderá solicitar a axuda para adquirir material escolar, así como ás establecidas nas disposicións adicionais primeira e segunda, se reúne os requisitos establecidos nesta orde.

### Formas de presentación de solicitudes

- **Electrónica:** A través da sede electrónica da Xunta de Galicia - Procedemento ED330B. [\[iniciar\]](#)
- **Con asistencia da aplicación FondoLibros:** Cubrir os datos nesta aplicación. [\[iniciar\]](#)  
Unha vez cuberto o formulario poderá optar por:
  - Imprimir os Anexos I e II producidos e presentalos co resto da documentación no centro educativo no que vai a estar escolarizado no curso 2024-2025.
  - Se dispón de chave 365 ou certificado dixital, presentalo na Sede Electrónica a través da aplicación (Presentación telemática).
- **Presencial manual:** Cubrir os Anexos I e II e entregalos co resto da documentación no centro educativo no que vai a estar escolarizado no curso 2024-2025. *Anexos I e II (galego)*, *Anexos I e II (castelán)*

*Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2024/25, deberá presentala no centro no que estivese matriculado no curso 2023/24.*

### Calendario do procedemento

Prazo de presentación da solicitude: do 21 de maio ata o 21 de xuño de 2024

*O alumnado que repita 4º ESO ou que non obteña praza en FP Básica e que non solicitara no prazo anterior poderá presentala no prazo dun (1) mes desde a formalización da matrícula.*

Publicación das listaxes provisionais: ata o 12 de xullo de 2024.

Reclamacións ás listaxes provisionais: 2 días seguintes á publicación

Publicación das listaxes definitivas: ata o 26 de xullo de 2024.

**Documentación que deberán aportar:** [enlace á información](#)

**Unidade familiar e renda per cápita:** [enlace á información](#)

**Máis información** no portal web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional: <http://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>